

Ref.: AD2301

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO PÚBLICO PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR. CURSO ACADÉMICO 2023-2024

A Universidade de Vigo resolveu convocar concurso público polo procedemento de urxencia para cubrir as necesidades docentes existentes mediante a contratación en réxime laboral de **profesorado axudante doutor** nas áreas que se relacionan no anexo II.

Este concurso rexerase polo disposto na Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (en adiante LOSU), polo Decreto 266/2002, do 6 de setembro, da Xunta de Galicia sobre contratación de profesorado universitario, polo II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, polos Estatutos da Universidade de Vigo, en tanto non se opoñan ao establecido na LOSU, e desenvolverase de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Requisitos de participación.

1. Todos os requisitos deberán posuírse con referencia á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e mantelos na data de formalización dos contratos. Os documentos acreditativos deberán estar actualizados ao devandito prazo e de estar redactados en idiomas distintos do galego ou do castelán, deberán presentarse acompañados de tradución por intérprete xurado.

De acordo cos artigos 56 e 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o artigo 78 da LOSU e demais normativa de aplicación, as persoas que desexen participar no presente concurso deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ser nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Unión Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, das persoas con nacionalidade española e de quen sexa nacional doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así se prevea nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.



b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter superado os sesenta e cinco.

c) Estar en posesión do título de doutor/a e de conformidade co artigo 78 a) da LOSU. No caso de títulos obtidos no estranxeiro deberá achegarse a credencial que acredite a súa homologación.

d) Non ter sido separadas do servizo, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitadas para o exercicio das funcións públicas. Quen sexa aspirante de nacionalidade distinta á española deberá acreditar non estar baixo sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso a función pública.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións docentes.

f) No caso de ser persoal da UVigo, pertencer a unha categoría distinta da praza convocada.

2. Os dereitos de exame para cada praza (referencia) serán de 44,17 euros. A liquidación de taxas realizarase a través da aplicación web da Universidade de Vigo habilitada para a participación no concurso de acceso. Poderá aboarse o importe correspondente no período indicado na folla de liquidación, ben en efectivo ou con tarxeta.

En efectivo farase nalgunha das entidades bancarias colaboradoras coa Universidade de Vigo: Abanca, Banco Santander ou CaixaBank. Con tarxeta realizarase a través da aplicación informática que permitirá seleccionar esta opción, sendo preciso seguir con atención o proceso ata a súa finalización, comprobando que o pagamento foi feito correctamente.

Segundo o disposto no artigo 23 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% e os membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Aplicarase unha bonificación do 50% na taxa de inscrición aos membros de familias numerosas de categoría xeral. **Nos tres supostos será necesario que coa solicitude presenten as respectivas certificacións que o acrediten.**

Así mesmo, terán unha bonificación do 50% da taxa as persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, **as dúas condicións** deberán ser **certificadas pola oficina dos servizos públicos de emprego.**

De conformidade co disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos procederá a devolución das taxas de participación cando non se realice o feito impositivo por causas non imputables ao suxeito pasivo, debendo a persoa interesada solicitar a devolución e achegar os datos necesarios para a transferencia bancaria correspondente. Polo tanto, non procederá a devolución nos supostos de exclusión definitiva por causa imputable á persoa interesada.



A falta de pagamento dos dereitos de exame no prazo de presentación de instancias non é reparable e determinará a exclusión definitiva do concurso de quen sexa aspirante, agás que acredite o pagamento ou a exención da citada taxa.

Segunda. Solicitude telemática.

1. A solicitude de participación farase cumprimentando o formulario integrado na aplicación web da Universidade de Vigo. Para presentar a solicitude de participación, as persoas interesadas deberán cumprimentar o formulario web da solicitude que se atopa establecido especificamente para a praza e corpo correspondente, dispoñible no enlace <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index> seleccionando "emprego" e logo "concursos de profesorado", no prazo **de dez días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.**

2. Durante o proceso de inscrición descrito anteriormente, achegarase nun **ficheiro PDF** os seguintes documentos, sendo causa de exclusión a falta dalgún deles:

- a) Copia simple do documento acreditativo da identidade (DNI, NIE, pasaporte....).
- b) Copia simple do título de doutor/a, ou da certificación de expedición do título, ou de ser o caso, da credencial de homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade expedida polo Ministerio de Educación.
- c) *Declaración de non ter superado o período de cinco anos de contrato laboral como profesorado axudante doutor por esta ou outras universidades españolas, nin un total de oito anos de contrato como axudante e axudante doutor nas citadas institucións segundo o modelo anexo VI.*

Terceira. Presentación de documentación.

Unha vez cumprimentada e validada a solicitude a través da aplicación web, a mesma deberá ser presentada, xunto coa documentación correspondente, na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante o procedemento do concurso público para a contratación de profesorado axudante doutor. Curso 2023-2024. O tamaño máximo de todo o conxunto de documentos é de 35 MB.

De conformidade co disposto no artigo 16.8 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, carecerá de validez e eficacia a presentación de solicitudes e a realización de calquera acto efectuado a través de medios distintos ao indicado no apartado anterior.

Achegarase en formato PDF, **xunto coa solicitude**, a seguinte documentación:

- a) **Curriculum vitae: CV** detallado de acordo co modelo oficial que figura no anexo III, **en formato PDF**, o cal será **refrendado coa sinatura electrónica da persoa concursante**. Non serán valorados méritos que non estean detallados en dito modelo de curriculum vitae ou ben non se xustifiquen documentalmente. **O arquivo deberá nomearse como Currículo_DNI_CodPraza.pdf**



b) Méritos: Os documentos e publicacións que acrediten todos os méritos alegados, incluído o coñecemento da lingua galega. Todos estes documentos deberán incluírse **nun único arquivo en formato PDF, seguindo a paxinación indicada no curriculum vitae e que se xerará segundo o establecido no anexo V. O arquivo deberá nomearse como Xustifica_DNI_CodPraza.pdf**

c) Proxecto docente: O proxecto docente en formato PDF e cunha **extensión máxima de 15 páxinas**, que versará sobre a materia indicada pola comisión específica de área nos criterios específicos (anexo IV). Se non foi indicada, o proxecto versará sobre unha das materias que aparecen no perfil da praza no anexo II. O arquivo deberá nomearse como **Proxecto_DNI_CodPraza.pdf**.

d) Exención de taxas: Xustificante, no seu caso, da exención parcial ou total de taxas.

Todos os méritos alegados deberán posuírse con referencia á data de remate do prazo de presentación de solicitudes

Toda a documentación acreditativa dos méritos deberá aportarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado dito prazo.

Cuarta. Relación de persoas admitidas e excluídas.

1. No prazo máximo de 15 días hábiles dende o remate do prazo de presentación de solicitudes publicárase nos lugares indicados na base 9.2, a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación dos motivos de exclusión. Quen presentase a súa candidatura disporá dun prazo de **cinco días hábiles para a subsanación das causas de exclusión indicadas**, de conformidade co disposto nas bases 1 a 3, mediante o procedemento de instancia xenérica na Sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>).

2. Posteriormente ditarase unha resolución reitoral aprobando a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas. As reclamacións presentadas contra a publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Quinta. Valoración dos méritos.

1. Os méritos serán valorados pola Comisión Específica de Área (CEA) designada polo respectivo consello de departamento, segundo se relaciona para cada praza no anexo IV, composta por cinco docentes da mesma área de coñecemento ou de áreas afíns á que está adscrita a praza, e con titulación, categoría e adicación igual ou superior á dita praza. A CEA someterase na súa actuación ao previsto na Lei 39/2015 e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En base ao previsto no artigo 26 do II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador, poderá asistir á comisión, con voz e sen voto, unha persoa proposta pola representación das traballadoras e dos traballadores.

2. A Comisión poderá actuar coa participación, cando menos, de tres membros (con voz e voto), requiríndose sempre a presenza da persoa que a presida e de quen ocupe a secretaría ou,



de ser o caso, das persoas que as substitúan. En caso de ausencia de quen exerza a presidencia será substituída polo/a membro da comisión de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde.

3. O baremo para a cualificación de méritos será o que se estableza en cada praza no apartado “**observacións**” do anexo II.

4. En aplicación da disposición transitoria terceira da LOSU, a acreditación vixente de Profesor/a Axudante Doutor/a, considerarase como un mérito preferente para os efectos do acceso a esa figura de profesor/a, e segundo o acordo do Consello de Goberno de 11 de maio de 2023. Se ao concurso concorren acreditados que presenten un CV na área á que se vincula a praza de Axudante Doutor, terán prioridade na orde de prelación para a provisión da praza sobre os non acreditados.

5. Os criterios de valoración de méritos, que poderán matizar ou cuantificar os baremos con maior detalle, son os que figuran no anexo IV. De existir calquera incompatibilidade entre os criterios de valoración da CEA e os baremos do anexo I, ou se os criterios non foron establecidos, prevalecerá o baremo sobre os criterios.

6. Recibida a documentación das persoas aspirantes admitidas, a CEA disporá dun prazo de dez días hábiles para avaliar os méritos e propor a adxudicación da praza. De estimalo necesario, poderá acordar a realización de entrevistas. A Comisión adoptará os seus acordos por maioría de membros presentes e no caso de empate decidirá o voto de quen exerza a presidencia.

7. A CEA valorará exclusivamente os méritos alegados no curriculum vitae e xustificados do xeito que establece a base 3. A puntuación de cada mérito quedará reflectida nos apartados sombreados de dito modelo. Non se valorarán os méritos que non figuren no curriculum vitae.

8. Avaliados os méritos das persoas candidatas a comisión adoptará un acordo que constará de:

a) Puntuacións detalladas de todas as persoas candidatas en cada un dos apartados e subapartados do baremo.

b) Relación de todas as persoas candidatas ordenadas pola puntuación total.

c) Proposta de provisión da praza a prol do candidato ou candidata que obteña a puntuación máis alta, indicando as persoas que se consideran idóneas para ser contratadas.

A Comisión poderá acordar a non provisión da praza, motivando esta decisión.

9. A expresión da **puntuación total** e o seu **desglose** para cada apartado servirán de motivación á proposta de adxudicación. Esta proposta, xunto coa documentación de cada concursante, enviarase ao Servizo de Persoal Docente e Investigador.

10. Coas persoas candidatas que figuren na proposta de provisión constituirase unha lista de agarda, conforme aos criterios establecidos no Acordo do Consello de Goberno do 10 de maio de 2011, relativo á normativa de substitución.



11. De producírense demoras inxustificadas na tramitación do concurso dunha praza imputables á Comisión Específica de Área das que se poidan derivar non só responsabilidades por deficiente funcionamento, senón tamén claros prexuízos para a docencia e a atención ao alumnado, así apreciados pola Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado, esta poderá solicitar do Reitor a designación dunha Comisión de persoas expertas que relevará das súas actuacións á Comisión Específica de Área e acordará unha nova proposta de adxudicación.

Sexta. Resolución do concurso.

1. A Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica resolverá o concurso mediante os acordos de adxudicación das prazas que se publicarán nos lugares previstos na base 9.2.

2. O Servizo de Persoal Docente e Investigador convocará á persoa candidata segundo a orde de prelación para que aporte copia electrónica auténtica daqueles documentos que avalen o cumprimento dos requisitos esixidos nesta convocatoria, así como a documentación necesaria para formalizar o contrato.

De non formalizarse o contrato na data indicada, sen mediar causa suficiente así apreciada pola Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica, considerarase que renuncia ao contrato, convocándose á seguinte persoa na orde de prelación que figure na proposta. A sinatura do contrato ten carácter persoal e intransferible.

Sétima. Reclamacións.

1. Contra os acordos de adxudicación, as persoas candidatas admitidas **poderán acceder á vista do expediente e interpoñer reclamación** ante a Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado no prazo de **cinco días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación. Esta presentárase na Sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) e a través de instancia xenérica dirixida ao Servizo de PDI. **En calquera caso, as persoas interesadas poderán acceder ao expediente de conformidade cos artigos 13 e 53 da Lei 39/2015.** O acordo da citada Comisión será vinculante para o Reitor, que ditará a correspondente resolución, esgotando a vía administrativa e que será notificada ás persoas que reclamen.

2. En calquera caso, de presentarse algunha reclamación e admitida a trámite, e en tanto non se resolva, **suspenderase a formalización do contrato** ata a súa resolución definitiva.

3. Recibidas e publicadas todas as propostas de adxudicación das comisións específicas de área e rematado o prazo de reclamacións, publicarase o anuncio de prazas reclamadas.

Oitava. Contratación e obrigas.

1. Os contratos de profesorado axudante doutor serán de carácter temporal e con dedicación a tempo completo. O contrato terá unha duración de seis anos. Os contratos que se formalicen en virtude desta convocatoria terán as remuneracións que se sinalan no II Convenio colectivo do PDI.



2. A prestación de servizos, e polo tanto o devengo das retribucións asignadas ao posto obtido, se iniciará na data en que se asinen os contratos, agás que neles se dispoña outra cousa, sen que en ningún caso poidan ter efectos retroactivos.

3. O período de proba será de seis meses e considerárase que se supera sempre que non conste obxección contraria dentro dese prazo.

4. As especificacións que constan no anexo II para cada praza non suporán para quen teña adxudicada a praza vencellamento exclusivo a esa actividade docente, nin limitarán a competencia da Universidade de Vigo para asignarlle outras obrigas docentes e/ou investigadoras.

5. Consonte o previsto no *Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario*, os contratos estarán suxeitos á *Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas* e disposicións que a desenvolven.

Novena. Norma derradeira.

1. A convocatoria, as súas bases e cantos actos se deriven da mesma e das actuacións das comisións poderán ser impugnadas polas persoas interesadas no prazo e na forma establecidos pola Lei 39/2015.

2. A publicación dos actos que integran este procedemento no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Universidade de Vigo, servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto no artigo 45.1 da Lei 39/2015.

Con independencia dos lugares nos que regulamentariamente deban publicarse, tanto a convocatoria como os actos e acordos que integran este proceso selectivo se publicarán a título divulgativo na páxina electrónica da Universidade de Vigo, no seguinte enderezo <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index> seleccionando "emprego" e logo "concursos de profesorado".

3. De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoa física no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a tramitación deste concurso e amparados pola LOSU, e os estatutos da Universidade de Vigo.

Coa súa participación neste concurso as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza deste concurso. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a persoa afectada comunicará esta circunstancia coa maior celeridade á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo (986 813419 e igualdade@uvigo.es).



Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e se conservarán durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas participantes están obrigadas a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, se lles excluírá do proceso selectivo.

As persoas participantes teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento, así como a oporse ao devandito tratamento e a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderán exercerse mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo no rexistro da Universidade de Vigo, ou en calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da LPCAP. Máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente, pode dirixir dita solicitude á Delegada de protección de datos: Ana Garriga Domínguez Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas, 32004 Ourense (España) 988368834, dpd@uvigo.gal.

Tamén pode presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, perante o reitor. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015.

O REITOR,
P.D. (R.R. de 20 de abril de 2023)
A VICERREITORA DE PROFESORADO E
ORDENACIÓN ACADÉMICA,
(asinado dixitalmente)

